

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP XOÁN DE REQUEIXO
CURSO:2019/2020
MATERIA: LINGUA INGLESA
DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

* Debido á situación excepcional que estamos a vivir a causa da pandemia do Covid 19, faise a presente adaptación do currículo para o terceiro trimestre.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
	BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
<p>- B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>- B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <p>-B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p> <p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p>	<p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
	<p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
	<p>PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>	<p>CCL</p> <p>CCA</p> <p>SIE</p>
	BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
	<p>PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>SIE</p>
	<p>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>SIE</p>
	BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou</p>	<p>CCL</p> <p>CCA</p>

<p>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable</p>	de eventos etc.	
	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CCL CD CCA
	BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
	LEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CCL CD CAA CSC
	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CCL CD CAA
	PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	CCL CSC
	BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	CCL CD CSC
	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	CCL CCA CSC

2. Avaliación e cualificación

2.1.- TERCEIRA AVALIACIÓN

O Claustro do CEIP Xoán de Requeixo, en reunión mantida o 15/05/ 2020 por medio de videoconferencia decidiu por unanimidade calificar ao alumnado de educación primaria con 1 punto extra polo taballo non presencial desenvolvido no terceiro trimestre. *En ningún caso puntuará negativamente que o alumnado non realice as tarefas.*

Na área de lingua inglesa de 6º nivel para acadar este punto extra,avalíarase do seguinte xeito:

- Realización e presentación das tarefas en prazo ⇨ 0,5 puntos
- Respostar cuestións mediante a mensaxería da plataforma E-dixgal⇨ 0,2 puntos
- Valoración das actividades tendo en conta as respostas dadas:
 - Actividades resoltas correctamente: 0,3 puntos
 - Actividades con algún erro:0,2
 - Actividades con gran número de erros:0 puntos

2.2. AVALIACIÓN ORDINARIA

A nota final será a media da primeira e segunda avaliación, podendo obter a maiores polo traballo realizado o punto extra.

2.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entrega de tarefas mediante a plataforma E-dixgal, correo electrónico, e a veces por ter o alumnado problemas para enviar, poden facelo vía whatsapp.

Mediante a entrega de tarefas íranse realizando unha avaliación formativa,detectando as necesidades do alumnado co finalidade de reforzar cando sexa necesario.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Durante o terceiro trimestre realizaranse actividades de reforzo, recuperación, repaso e ampliación dos contidos traballados nos dous primeiros trimestres. Dependendo da evolución do terceiro trimestre poderanse ampliar contidos se se considera oportuno. Para traballar estes contidos dentro da plataforma E-Dixgal creouse un curso denominado STAY AT HOME AND LEARN, no se matriculou a todo o alumnado de 6º nivel para que reciban a proposta de actividades que lles vou enviando. Á vez o alumnado pode facer a entrega de tarefas desde a plataforma e ademais permite enviarlle os comentarios e as correccións individualmente. Ademais utilízase o blog de My teacher Lela, sobre todo para a proposta de actividades autovaliables.

4. Información e publicidade

4. Información e publicidade

4.1. Ás familias

- Grupo creado en whatsapp para a comunicación coas familias
- Correo electrónico
- Teléfono

4.2. Ao alumnado

- A través da plataforma E-dixgal e por medio das familias.